

**Rameau, mestre do Barroco francés***Pièces de clavecin en concerts***IMPETUS**

JOAN ESPINA violín

JORDI COMELLAS viola da gamba

YAGO MAHÚGO clave e dirección

Teatro Principal

Santiago de Compostela

sábado 24 outubro 2020

20:00

Clausurando o festival, o ensemble madrileño Impetus que dirixe Yago Mahúgo, un dos mellores representantes da nova xeración de grupos españois de música antiga, dedica o seu concerto á música de cámara e para clavecín do gran mestre do Barroco francés, Jean-Philippe Rameau, figura central do festival Ateneo Barroco 2020. O gran Jean-Philippe Rameau foi un dos personaxes máis influentes no Barroco musical en Europa; compositor, clavecinista e teórico, referencia absoluta da ópera barroca francesa, Rameau aparece no programa do festival visto dende a dobre perspectiva de operista e de virtuoso e mestre compositor para o teclado, faciana que amosan á perfección as marabillosas Pièces de Clavecin en Concert sobre as que xira o programa do concerto de Impetus.

**IMPETUS CONJUNTO BARROCO DE MADRID**

Ímpetus, conxunto barroco de Madrid, nace en 2006 por iniciativa do clavecinista, fortepianista e director Yago Mahúgo co fin de dar difusión á música da época barroca e clásica/antiga seguindo criterios historicistas. Isto é posible grazas a un grupo de grandes músicos profesionais que, encabezados por Yago Mahúgo, conta cunha brillante preparación no eido da interpretación da música antiga, barroca, clásica e prerromántica con instrumentos orixinais. Deste xeito, a fidelidade a convencións musicais da época, así como a execución con instrumentos históricos de exquisita factura, fan que o son de Ímpetus se afaste substancialmente do habitual, achegándose á idea do compositor e á atmosfera orixinal de cada obra, situándoa no seu contexto histórico, artístico e interpretativo.

Ímpetus figura na actualidade entre os grupos españois de maior proxección. A súa traxectoria, tanto en concerto (Festival de Música Antigua de Aranjuez, Festival de Granada, etc.) como no estudo de gravación, ten sido amplamente enalzada e premiada por prestixiosos críticos dentro e fóra de España. Tras a excelente acollida do seu primeiro disco, Ímpetus live in Madrid (2013), o

segundo, Pièces en Clavecin en Concerts de Jean-Philippe Rameau (2014) foi nomeado aos International Classical Music Awards 2015 na categoría de Música Instrumental Barroca e foi galardoado cos premios das revistas especializadas máis importantes: Scherzo (Disco Excepcional del Mes), Ritmo (Disco Recomendado) e Melómano (Melómano de Ouro e Disco do Ano 2014). A súa terceira gravación, Geistliche Oden und Lieder mit Melodien de Carl Philip Emanuel Bach (2015), interpretado pola soprano Mariví Blasco e por Yago Mahúgo ao fortepiano Anton Walter, obtivo de novo o respaldo unánime da crítica.

Ademais do seu labor como fundador e director de Ímpetus, Yago Mahúgo desenvolve unha salientable carreira como solista. A súa gravación das obras completas para clave de Pancrace Royer (Brilliant Classics, 2013) foi galardoado como Disco Excepcional do Mes pola Revista Scherzo, entre outras mencións, e elixido polo xornal El País como unha das mellores gravacións de música antiga de 2013.

**PROGRAMA**

Jean-Philippe Rameau (1683-1764)

Pièces de Clavecin en Concerts núm. 1

La Coulicam

La Livri: Rondeau Gracieux (clave solo)

La Livri: Rondeau Gracieux

Le Vézinet

Jean-Philippe Rameau (1683-1764)

Pièces de Clavecin en Concerts núm. 3

La Poplinière

La Timide (clave só)

La Timide

1er Tamourin, 2e Tambourin en Rondeau

Joseph-Nicolas-Pancrace Royer (1705-1755)

La Marche des Scythes (clave solo)

Jean-Philippe Rameau (1683-1764)

Pièces de Clavecin en Concerts núm. 5

La Forqueray: Fugue

La Cupis

La Marais

**ÍMPETUS CONJUNTO BARROCO DE MADRID**

JOAN ESPINA violín  
 JORDI COMELLAS viola da gamba  
 YAGO MAHÚGO clave e dirección

**Rameau, mestre do Barroco francés**

Yago Mahúgo

**Pièces de clavecin en concerts**

Jean-Philippe Rameau pode ser considerado o último compositor da escola clásica francesa. Aínda que formalmente a súa música carece do estilo espontáneo do seu contemporáneo Couperin, a perfección harmónica que acadou ao longo da súa traxectoria non é comparable coa de ningún outro compositor francés da época. Non esquezamos que nos atopamos ante un teórico da música que consagrou a súa vida profesional á busca da perfección estrutural da súa obra. Isto resulta moi visible nas súas partituras para clavecín. De feito, no século XIX os compositores que recuperaron estas obras asombráronse ao descubrir a gran riqueza sonora dese repertorio. De aí a veneración dos impresionistas polas composicións de Rameau que, o mesmo que as de Couperin, foron interpretadas con frecuencia nas salas de concerto e serviron como inspiración para obras tan significativas como o célebre *Hommage à Rameau* das *Images* de Claude Debussy.

Rameau publicou tres grandes coleccións de música para clave. O primeiro volume apareceu cando contaba con tan só vinte e tres anos. Fórmano dez pezas e é quizais o menos rechamante, aínda que xa se poden percibir os trazos do seu estilo. En 1724 publicouse o segundo volume, que confirma as súas liñas estilísticas e deixa entrever unha clara influencia de Couperin. Aquí, as obras son máis profundas, fermosas e incluso posúen unha marcada sensibilidade lírica. Do mesmo xeito, a melodía ten unha gran finura e flexibilidade. Con todo, o punto forte desta terna sería a publicación do terceiro volume, chamado *Nouvelles Suites de Pièces de Clavecin*, en 1731. Neste libro, obra paradigmática da produción para clave, Rameau desenvolveu o iniciado na segunda colección e logrou maravillosos efectos sonoros como a simulación de que son tres as mans que tocan o instrumento, en lugar de dúas, ou a imitación do cacarexo dunha galiña.

Dentro da produción para clave de Rameau, independentemente destes tres libros citados, hai unha serie especialmente significativa, as *Pièces de clavecin en concerts*. Recompilación de cinco concertos publicada en 1741, estas *Pièces de clavecin en concerts* representan unha illa no medio do catálogo musical de Rameau ao constituír a súa única obra de cámara coñecida. Até que en 1734 Jean-Joseph Mondonville publicou as *Sonates pour le clavecin avec accompagnement de violon*, a música de cámara durante o barroco era entendida como un ou dous instrumentos que desenvolvían unha

melodía ao redor dun baixo continuo formado por un clave e un instrumento de corda grave (viola da gamba, violoncello ou contrabaixo). O baixo sempre o partes de obbligate, aínda que a súa función principal era servir de acompañante, e Mondonville rompeu co concepto do trítono-sonata italiano e xunto a autores

Non coñecemos con exactitude o período no que Rameau compuxo os cinco concertos que conforman as *Pièces de clavecin en concerts* pero, por proximidade de estilos, crese que se escribiron durante a década de 1730, período no que viron a luz as súas óperas máis brillantes. Como era relativamente frecuente na época, Rameau titulou cada un dos movementos das obras con nomes correspondentes a lugares, estados de ánimo e personaxes. No prólogo da primeira edición o compositor deu algunhas indicacións á hora de interpretalas e dixo tamén que podían ser tocadas a clave só, sen axuda de acompañamento. Non obstante, o resultado pobre desa interpretación levouno a transcribir pezas como *La Livri*, *L'Agaçante*, *La Timide* e *L'Indisçrète* para clave só.

A transcendencia da obra de Rameau ao longo da historia é indiscutible e tanto é así que podemos afirmar que coas *Pièces de clavecin en concerts* estamos na antelada do que non moitos anos máis tarde serían as sonatas para piano e violín de Mozart ou Beethoven. Respecto ao resto da súa produción musical, hai constancia de que moitas das súas óperas foron interpretadas até o final do Antigo Réxime, aínda que caeron no esquecemento durante máis de cen anos, até que os impresionistas as rescataron. Dende aquela até agora, aínda que sabemos pouco da súa vida persoal, a figura de Rameau como músico recuperouse na súa totalidade e maniféstase como un dos principais representantes da lírica e da tecla, ao mesmo tempo que como un dos máximos expoñentes das reformas harmónicas e musicais de todos os tempos.

**Creación de xéneros musicais na Francia absolutista**

O barroco chegou a Francia algo máis tarde que ao resto de Europa. Durante o século XVI o país estivera inmerso en varios conflitos armados. Salienta, sobre todo, a Guerra dos Trinta Anos, que enfrontou ás principais potencias europeas e sumiu a Francia nunha etapa de escurantismo da que só saíra, ademais triunfante, tras a Paz de Westfalia. Tiveron que morrer Luis XIII, Richelieu e o cardeal rexente Mazarino para que Luis XIV, o Rei Sol, instaurase o Absolutismo e amosase o poder de Francia ao mundo.

Nese momento, as normas estéticas que rexían o panorama musical do país facían que as escenas-musicais foran o paradigma dunha nobreza frívola e superficial. A situación cambiou coa chegada á corte en 1652 do florentino Jean Baptiste Lully, compositor nomeado director musical da familia real en 1662 que revolucionou a escena musical francesa, achegando o ríxido formalismo francés ao barroco italiano. Lully introduciu o ballet na ópera e creou a abertura francesa, caracterizada por intercalar un tempo rápido entre dous movementos lentos. Como resultado das súas achegas, naceu un estilo musical máis aristocrático e refinado, axustado ao carácter extremadamente luxoso que a corte do Rei Sol tiña adoptado. En canto á calidade dos libretos, estes melloraron considerablemente, deixando de lado as superficialidades anteriores grazas á colaboración do compositor con dramaturgos da categoría de Molière e Corneille.

Non só Lully fixo grandes contribucións a esta primei-